

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓN S PARA PROMOVER A POSTA EN MARCHA DE PROCESOS DE AVALIACIÓN E FORMACIÓN PARA O RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA LABORAL QUE PERMITA O ACCESO ÁS BOLSAS DE COIDADO PROFESIONAL EN DESENVOLVEMENTO DO PLAN CORRESPONSABLES.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha banda, M^a Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, en virtude do Decreto 60/2022, de 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Verónica Marcos Arrojo, que actúa en nome e representación da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), NIF G-70101647, en virtude da súa condición de Presidenta, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto no artigo 32 dos seus estatutos e na elección da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 15/01/2021.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e,

EXPOÑEN

Primeiro.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do

Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

Segundo.

Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 15/2021, do 3 de Decembro, e na demais lexislación aplicable na materia.

Terceiro

Segundo o establecido no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, modificado polo Decreto 111/2021, do 22 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, correspóndenlle á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, entre outras, as funcións de planificar, deseñar, coordinar e avaliar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes no eido persoal, familiar e laboral, así como tamén propor medidas, programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural, e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.

Cuarto

A Comunidade Autónoma de Galicia recoñece, tanto nas leis de igualdade, hoxe recollidas no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, coma na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e na Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de

Galicia, a importancia da corresponsabilidade na vida familiar, particularmente no mantemento, coidado e educación dos fillos e fillas, e comprométese a promover a igualdade de mulleres e homes no acceso ao mundo laboral e na asunción das tarefas familiares, mediante actuacións que procuren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Quinto

O fomento da conciliación da vida familiar, laboral e persoal está presente na acción de goberno e nos instrumentos de planificación da Xunta de Galicia, como no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, que inclúe no eixo 1 Reto demográfico na prioridade de actuación 1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada, un Obxectivo estratéxico relacionado directamente, 1.1.4 Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Sexto

O Plan Corresponsables é unha nova política pública que ten por obxecto iniciar o camiño cara á garantía do coidado como un dereito en España desde a óptica da igualdade entre mulleres e homes, ao amparo da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que no artigo 14 establece que corresponde aos poderes públicos o establecemento de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e dos homes, así como o fomento da corresponsabilidade nos labores domésticos e na atención á familia, e no artigo 44 sinala que os dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñeceranse aos traballadores e as traballadoras en forma que fomenten a asunción equilibrada das responsabilidades familiares, evitando toda discriminación baseada no seu exercicio.

Sétimo

Que o artigo 7.2 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 15/2021, do 23 de Decembro, establece que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas

económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero así como no 4.5, incentiva a intensificación das accións para a cooperación e coordinación interinstitucional dos recursos e instrumentos, promovendo a colaboración e a participación das asociacións de mulleres, así como das entidades e organizacións da sociedade civil.

As federacións de mulleres rurais de Galicia (Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro), Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur) e Federación Pola Igualdade das Mulleres da Provincia Pontevedra (Femupo) fortalecen o tecido asociativo feminino no ámbito rural, cos obxectivos de propiciar a participación das mulleres e a súa integración en igualdade de condicións, para mellorar a presenza e visibilización das mulleres en todos os ámbitos sociais e que contribúen á potenciación do principio de igualdade entre mulleres e homes.

O papel destas asociacións é clave no cambio de valores e de cara á transformación necesaria para avanzar na igualdade real e efectiva por razón de xénero, con especial relevancia no ámbito rural para visibilizar e pór en valor o papel das mulleres na mellora da calidade de vida, do asentamento da poboación e da dinamización do territorio en termos de igualdade e sustentabilidade e para contribuír á eliminación e prevención da violencia de xénero e prestar apoio e acompañamento ás vítimas.

Oitavo

Que a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), é unha entidade sen ánimo de lucro composta por 64 asociacións de mulleres rurais federadas que se atopan diseminadas en núcleos rurais de ámbito provincial e autonómico integrando unhas 10.000 mulleres do medio rural de toda Galicia.

Entre os seus fins está o de contribuír á igualdade de oportunidades e o desenvolvemento das mulleres rurais en todos os ámbitos (político, económico e social), fomentar a participacións das mulleres e mellorar o benestar social e a súa

calidade de vida, así como promover a prestación de servizos sociais nas diferentes áreas de actuacións dos servizos sociais comunitarios.

Noveno

Que a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR) , leva a cabo actividades de información, formación, atención, apoio e acompañamento á mulleres do ámbito rural, entre elas a mulleres vítimas da violencia de xénero, promovendo ademais accións de información e formación nas que sempre e de xeito transversal se atopa presente o enfoque de xénero.

Décimo

Que, pola súa dimensión e capacidade de chegar a un importantísimo número de mulleres rurais de Galicia, a súa experiencia e coñecemento do medio rural e a especialización das profesionais coas que colabora no campo da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR) reúne as condicións para o desenvolvemento do PLAN CORRESPONSABLES.

Décimo primeiro

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás mulleres en situación de vulnerabilidade e ás mulleres do ámbito rural unha oportunidade de formación e empoderamento de cara a poderen acreditar a experiencia non formal no ámbito dos coidados, para lograr unha mellor vía de inserción e de promoción laboral, sobre todo ás mulleres de máis de 45 anos.

Por todo o indicado, todas as partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, e a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR) para o cumprimento da liña específica do Plan Corresponsables: **"Acreditación da experiencia de coidado non profesional" (*experiencia non formal de coidados de nenos e nenas, mozos e mozas de ata 16 anos*).**

Esta liña consiste no establecemento de mecanismos de recoñecemento da experiencia de coidado non profesional que habiliten o acceso ás bolsas de coidado profesional, con especial atención á situación de mulleres maiores de 45 anos.

Mediante o presente, establecerase a pauta para financiar o desenvolvemento de accións enmarcadas no Plan Corresponsables por parte da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), entidade fírmante do presente documento.

Este obxectivo de cumprimento consiste na execución de actuacións orientadas a facilitar a corresponsabilidade nas familias con fillas e fillos de ata 16 anos inclusive, promovendo a posta en marcha de procesos de avaliación e formación para o recoñecemento da experiencia laboral que permita o acceso ás bolsas de coidado profesional.

SEGUNDA.-Finalidade

A finalidade deste convenio é promover e impulsar a realización de diferentes actuacións de avaliación, formación, difusión e elaboración de censo de persoas con experiencia no coidados de nenas e nenos, especialmente mulleres de máis de 45 anos, para o recoñecemento da experiencia laboral formal ou non formal no sector

dos cuidados de menores ata 16 anos inclusive, que habiliten para o acceso ás bolsas de coidado profesional no domicilio no marco das actuacións do Plan Corresponsables.

TERCEIRA.-Accións a desenvolver

No marco do presente convenio, FADEMUR, comprométese a dar cumprimento o obxecto e finalidade sinalados nas disposicións anteriores entendendo como accións a desenvolver :

- Accións de difusión e información das actuacións contempladas no Plan Corresponsables.
- Edición de material didáctico.
- Formación ás persoas con experiencia laboral formal ou non formal e as que estean interesadas, sobre todo mulleres de máis de 45 anos para a obtención da acreditación formal para o coidado de menores de ata 16 anos.
- Asesoramento, avaliación e formación con perspectiva de xénero, ás persoas con experiencia laboral formal ou non formal, sobre coidado integral a menores e primeiros auxilios.
- Elaboración dun censo de persoas susceptibles de obtención do recoñecemento da experiencia laboral formal ou non formal no sector dos cuidados de menores ata 16 anos inclusive.
- Elaboración dunha memoria sobre o proceso de asesoramento, avaliación e formación.
- Outras accións directamente relacionadas coa actividade desenvolvida ao abeiro do Plan Corresponsables , complementarias ás descritas nos parágrafos anteriores desta cláusula, como programas de conciliación para as persoas asistentes e participantes ou programas de bolsas de axuda para asistencia ás mesmas, para facilitar e promover a participación e diminuír os obstáculos que poidan minorar a accesibilidade a estas actividades. No tocante ás bolsas de axuda para asistencia límitase a contía aos 7 €/día.

CUARTA.-Compromisos das partes

a) A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, comprométese a facilitar o material informativo e os contidos de desenvolvemento que se especifiquen dende a coordinación técnica do PLAN CORRESPONSABLES dende o Ministerio de Igualdade para a execución das accións previstas no presente convenio e que para o cumprimento da súa finalidade precise a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), así como a poñer á súa disposición persoal técnico especializado para a coordinación conxunta das actuacións contempladas no marco deste convenio e do PLAN CORRESPONSABLES.

b) A Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), comprométese a desenvolver actuacións de avaliación, formación, difusión e elaboración de censo de persoas con experiencia no coidados de nenas e nenos, especialmente mulleres de máis de 45 anos, para o recoñecemento da experiencia laboral formal ou non formal no sector dos coidados de menores ata 16 anos inclusive, que habiliten para o acceso ás bolsas de coidado profesional no domicilio no ámbito rural da súa actuación, sempre en colaboración e coordinación cos servizos públicos (servizos sociais e centros de información ás mulleres), correspondentes en cada caso.

As actividades propostas a desenvolver no marco do presente convenio recóllense na cláusula terceira do presente documento.

QUINTA.- Financiamento

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade aboará a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR) , a cantidade total de 100.000 € (cen mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.312G.481.1 (código de proxecto 2021 00175) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

O financiamento deste Convenio enmárcase nos Fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, procedentes do Ministerio de Igualdad, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do PLAN CORRESPONSABLES.

SEXTA.- Xustificación e Pagamento

Realizarase un único pagamento do 100 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a sinatura do presente convenio polas partes e unha vez finalizada a tramitación contable, económica e administrativa do mesmo.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

A xustificación do gasto realizado pola Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), revestirá a forma de conta xustificativa coa achega dos xustificantes de gasto, que se realizará mediante a presentación da documentación que se relaciona a continuación:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións do presente convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos,
- b) Unha memoria económica xustificativa do total do custo das actividades realizadas, na que se inclúa unha relación clasificadas dos gastos realizados con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago.
- c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados. Nestes documentos deben quedar claramente identificadas a persoa receptora e a emisora do pagamento, e será conveniente que no concepto se faga constar o número da factura. No caso de pagamento mediante cheque terá que ser, en todo caso,

nominativo e vir acompañado da xustificación bancaria acreditativa do cargo na conta que figure nel.

d) Indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no apartado b).

e) Nóminas, Seguros Sociais TC1 e TC2 e documentos xustificativos do pago, do persoal adscrito ao desenvolvemento das actuacións desenvoltas.

f) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

g) Acreditación documental, material ou gráfica (fotografías, fotocopias, capturas de pantalla da web...) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da actividade subvencionada, ao abeiro do Plan Corresponsables.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de novembro de 2022, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite do 17 de decembro de 2022.

Á vista desta documentación a Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade, comprobará a realización das actividades e o cumprimento da finalidade do Convenio e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula quinta e sempre que se cumpra coa finalidade **do presente convenio**, procederá a minoración do importe do convenio e o correspondente procedemento de reintegro parcial da subvención, en proporción ao importe non xustificado.

No caso que non se xustificase cando menos co 20% do importe obxecto do convenio, produciríase a revogación da subvención concedida e dará lugar ao reintegro.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

SÉTIMA.- Pagamentos anticipados

Para a realización das actividades subvencionadas conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establecerase un anticipo do 100% sen constitución de garantías. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá realizar declaración responsable do cumprimento das obrigas e datos básicos para a formalización do convenio.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 63.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

OITAVA.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén un sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin un modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarse como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

NOVENA.- Notificacións

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMA.- Obrigas

No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR) adquire os seguintes compromisos e obrigas, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

a) Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade do presente convenio. Cumprir co establecido na Resolución da Secretaría de Estado de Igualdad y contra la Violencia de Género de data 29 de abril de 2021, por la que se aprueba la distribución de créditos derivada del Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Igualdad de 19 de abril de 2021.

b) Non percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias destes programas, e facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Secretaría Xeral da Igualdade e o Ministerio de Igualdade a través do Plan Corresponsables, utilizando correctamente a identificación da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e do Ministerio citado así como a referencia publicitaria oportuna do PLAN CORRESPONSABLES.

Na publicidade que se realice en calquera medio de comunicación social sobre as actuacións derivadas deste convenio, farase constar expresamente que estas se levan a cabo en desenvolvemento do Plan Corresponsables, co financiamento do Ministerio de Igualdade e a través da SX de Igualdade da CC.AA de Galicia.

c) A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

d) A cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

e) A comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

f) A reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

g) A subministrar á Secretaría Xeral da Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Compatibilidade

Nesta axuda é posible a concorrencia con outras axudas que poida percibir para o mesmo obxecto e finalidade, pero o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superen o custo das accións subvencionadas.

DÉCIMO SEGUNDA.-Duración

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2022.

DÉCIMO TERCEIRA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

(Secretaría Xeral da Igualdade) de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

DÉCIMO CUARTA.-Modificación, revogación e reintegro

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da

xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestímulo pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución.

Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Será causa de extinción deste Convenio

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.

DÉCIMO QUINTA.- Protección de datos

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de protección de datos), a entidade FADEMUR en calidade de encargada do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

DÉCIMO SEXTA.- Publicidade.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Réxime xurídico do Convenio.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de

outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento da execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do convenio que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade: A secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría.
- Pola Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR) a súa presidenta ou persoa que esta dispoña para que a substitúa.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asíñase o mesmo na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO
E IGUALDADE

A PRESIDENTA DA FEDERACIÓN DE
ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE
GALICIA (FADEMUR)

Verónica Marcos Arrojo

María Jesús Lorenzana Somoza

